



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO, POLA QUE SE AMPLÍA ATA O 30 DE SETEMBRO DO 2024 O PERIODO DE TEMPO ESTABLECIDO PARA A UTILIZACIÓN DE CORDAS DE CHICOTEO NAS BATEAS DE TODOS OS POLÍGONOS DE CULTIVO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Feitos

1. O 19 de xullo de 2024 a Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX) solicita que se autorice a ampliación do período establecido para a permanencia das cordas de chicoteo nos polígonos nos que ten competencia a Xefatura Territorial de Vigo, para poder asegurar e homoxeneizar a produción por un período de dous meses.
2. O Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, unha vez consultada a Comisión do mexillón, emite o seu informe o 20 de agosto de 2024 e indica que non atopa inconveniente en que se amplíe o prazo para a utilización de cordas de chicoteo, nas bateas de todos os polígonos de cultivo por un período de dous meses, sendo o último día do prazo concedido o 30 de setembro de 2023.

Consideracións legais e técnicas

1. O Decreto 174/2002, do 10 de maio, polo que se modifica o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, aprobado por Decreto 406/1996, de 7 de novembro sinala no artigo 35 que dende o 1 de decembro ata o 31 de xullo poderá realizarse chicoteo nas cordas de engorde, a fin de favorecer a homoxeneidade do produto e mellorar a súa calidade. Así mesmo se contempla a excepcionalidade de modificar o mencionado prazo cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie e consecuentemente modifiquen a época do ano de fixación larvaria, repercutindo no período de extracción da semente.
2. O período de extracción de mexilla establecido no artigo 37 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia dende o 1 de decembro ata o 30 de abril, foi ampliado de forma extraordinaria ata o 19 de xullo de 2024.



Visto o exposto, e ao abeiro das súas competencias esta Dirección Territorial

RESOLVE

Autorizar a ampliación ata o 30 de setembro de 2024 do período establecido para a utilización de cordas de chicoteo nas bateas de todos os polígonos de cultivo da provincia de Pontevedra, coas seguintes condicións:

- A talla media da semente de mexillón nas cordas ten que ser inferior a 4 cm medidos no eixo maior.
- A lonxitude máxima da corda sometida a chicoteo será a establecida para as cordas de engorde. En ningún caso poderá ser superior a da altura media da columna de auga, en baixamar equinoccial, correspondente a cuadrícula onde se localiza o viveiro.
- O número máximo de cordas simultáneas con técnica de chicoteo por batea non pode superar as 200.
- O chicote ten que ser de cor branca, cun máximo de 4 mm de diámetro, construído en cordón trenzado ou torcido, de PE (polietileno) ou algodón.

Os titulares das concesións deberán facilitar os datos que sexan necesarios ós técnicos desta consellería para levar a cabo un correcto seguimento do proceso.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

